

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 8/10/2020, EN 1ª CONVOCATORIA.**

### **ASISTENTES**

**ALCALDE**  
José Marcote Suárez

**TTES. DE ALCALDE**  
Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

**SECRETARIO**  
José Ramón Lema Fuentes

### **ASUNTOS**

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.
- 3º.- Asuntos varios.

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **8/10/2020** reúnen-se no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

#### **1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 24 de Setembro de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### **2º.- Actos edificación e uso do Solo.-**

### **COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **AGUSTÍN OLVEIRA BENLLOCH**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.724 de 18/09/2020) **para proceder á realización de obras consistentes na substitución do pavimento e azulexo do baño e cociña dunha vivenda (Referencia Catastral 8612026MH7581S).**

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Outubro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSE LAGO CASTREJE, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.772 de 25/09/2020) para proceder á realización de obras consistentes no lavado e pintado das fachadas na cor existente (tella claro) dunha vivenda (Referencia Catastral 8606506MH7580M0001MT) mediante ocupación de vía pública nunha superficie de cinco metros (5).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 5 de Outubro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA DEL CARMEN CALO LIÑEIRO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.787 de 30/09/2020) para proceder á realización de obras consistentes na limpeza do teito e canalóns de augas pluviais dunha vivenda (Referencia Catastral 8705903MH7580N0001XT).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 5 de Outubro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ANTONIO BUDIÑO COSTA, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1.841 de 5/10/2020) para proceder á realización de obras consistentes no lavado e pintado en cor branco das fachadas dunha vivenda con Referencia Catastral 8219810MH7581N0001AX.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 7 de Outubro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

B) Ante a solicitude expresa da promotora ( Rexistro Xeral de Entrada 1676 de 14 Setembro 2020 ) a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda Deixar sen efecto as solicitudes de Licenzas urbanísticas de Edificación a nome de MARIA ADORACIÓN OROÑA DOMINGUEZ, veciña de Cee, para proceder á Construción Tres Vivendas Unifamiliares Illadas a emprazar nunhas parcelas (A, B, C ) que forman parte da Concentración Parcelaria do Val de Sardiñeiro deste Termo Municipal de Fisterra (Referencia Catastral 15038A50300235000DA ).-

Así mesmo procédase á Devolución dos Proxectos Básicos presentados neste Concello, facéndolle saber que non procede a devolución das taxas ingresadas a favor da Facenda Local toda vez que a súa finalidade, segundo a Ordenanza Fiscal reguladora e de prestación de servizos urbanísticos, entendéndose como tales a tramitación destes expedientes administrativos con carácter individual.-

C) Observado erro na identificación de Parcela dentro da redacción do acordo adoptado na sesión do día 24 de Setembro de 2020, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda modificar o mesmo co seguinte contido:

"Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, visto o Informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo de data 23 de Setembro de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a ELOY BOULLOSA DÍAZ, veciño de Fisterra, LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DUNHA EDIFICACIÓN PARA "USO HOTELEIRO" emprazada na Rúa Alcalde Fernández, 16 desta Vila con Licenza Urbanística concedida por esta Xunta en sesión do día 2/03/2018, (Parcela con Referencia Catastral 8506817MH7580N0001MT ) en base ó Proxecto de Execución redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés que consta no expediente.-"

Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

### **3º.- ASUNTOS VARIOS.**

#### **Adjudicación definitiva Obra POS 2020**

Examinado o expediente coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Aberto Simplificado da Obra denominada "Pavimentación Camiño de Barcia e Travesía do Montarón - Fisterra" cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Trinta e un mil oitocentos sesenta e nove euros con cincuenta e seis céntimos (31.869,56 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Ano 2020.--

Vista a proposta de adjudicación efectuada pola Mesa de Contratación na reunión de data 7 de Outubro de 2020 en favor da Empresa con mellor oferta, Búa Construcciones y Servicios S.L.,

**Resultando** que por parte da citada Empresa foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como a demais esixida no Prego de Cláusulas Administrativas.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1.- Adjudicar definitivamente dita Obra en favor da Empresa Búa Construcciones y Servicios S.L. con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo s/n do Termo Municipal de Dumbría , Código Postal 15837 nun importe total de Vinte e tres mil catrocentos setenta e un euros con sete céntimos ( 23.471,07 € ) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Catro mil novecentos vinte e oito euros con noventa e tres céntimos ( 4.928,93 € ) que supón unha baixa de Tres mil catrocentos sesenta e nove euros con cincuenta e seis céntimos ( 3.469,56 € ) en relación co tipo de licitación tal e como queda acreditado no expediente.--

2º.- Facer saber ó adjudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non mais tarde dos quince días hábiles ( 15 ) seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo.--

Así mesmo notificarase dito acordo ós licitadores presentados publicándose na plataforma de contratación do Estado .

3º.- Designar como Técnico Director da Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde, ó Arquitecto Alfonso Botana Castelo que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

4º.- Facultar o Sr. Alcalde Presidente para que no nome desta Corporación, proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

### **EMERXENCIA SOCIAL**

Visto o Informe favorable emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a D. L. V., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de desprazamento ó Instituto onde cursa estudos, por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.

Visto o Informe favorable emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. M. T., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de primeira necesidade, por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

A) Visto o Informe favorable emitido o día 6 de Outubro de 2020 polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar a Valoración orzamentaria de data 4 de Setembro de 2020 formulada pola Empresa BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L. con CIF B70355615 e domicilio na localidade de Senra-Bustelo do Termo Municipal de Dumbría (CP 15152) relativa os traballos efectuados da nova instalación de servizos soterrados efectuados na zona de Mar de Fora desta Vila por un importe de Trinta mil sesenta e tres euros con vinte céntimos (30.063,20 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, acreditada no expediente.-

Unha vez expedida a Factura correspondente, dito pago efectuarase con cargo á Partida 2020. 453. 60900 do Presuposto Ordinario vixente.-

2) Notificar dito acordo á citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos.-

B) Visto o Informe favorable emitido o día 7 de Outubro de 2020 polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar a Valoración orzamentaria de data 4 de Setembro de 2020 formulada pola Empresa BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L. con CIF B70355615 e domicilio na localidade de Senra-Bustelo do Termo Municipal de Dumbría (CP 15152) relativa os traballos efectuados de ampliación na rede de pluviais e nova pavimentación na zona de Mar de Fora desta Vila por un importe de Quince mil Quince mil cento vinte euros

**con sesenta e un céntimos ( 15.120,61 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, acreditada no expediente.-**

**Unha vez expedida a Factura correspondente, dito pago efectuarase con cargo á Partida 2020. 453. 60900 do Presuposto Ordinario vixente.-**

**2) Notificar dito acordo á citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos.-**

### **AXUDAS ECONÓMICAS**

**Unha vez examinada a Factura 5 / 2020 de data 15 de Setembro de 2020 expedida por parte da AA.VV. O RUMBO DE SARDIÑEIRO nun importe de Catrocentos cincuenta euros ( 450,00 € ) expedida como consecuencia da actuación realizada pola Banda de Gaitas " O Rumbo " durante a celebración das Festas na honra do Corazón de Jesús o día 30 de Agosto de 2020,**

**A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda comunicar á organizadora dos citados Festexos, ANA MARIA DIAZ BUITURON que a axuda concedida para esa finalidade ascende a cantidade máxima de Catrocentos euros ( 400,00 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido salvo a exención do mesmo acreditado a través da Delegación de Facenda.-**

**E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:10 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.**